

# PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO

## 1.- INTRODUCCIÓN

A consideración da realidade da dimensión europea do noso Centro xera a necesidade de potenciar a participación en Proxectos Europeos que contribúan á consecución dos obxectivos do noso proxecto educativo.

Este documento ven de establecer a situación do noso Centro neste contexto e tamén as pautas de actuación que van permitir a continuación da súa internacionalización.

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN:

### HISTORIA DO CENTRO

O I.E.S. Plurilingüe Eusebio da Guarda, situado no centro da cidade da Coruña, ten unha dilatada historia que abarca xa máis dun século, desde que comezou a funcionar no ano 1890. As súas aulas albergaron coñecidas personalidades como: Pablo Ruiz Picasso, Gonzalo Torrente Ballester, Manuel Fraga Iribarne..., e entre os seus profesores figuraron José Pérez Ballesteros, Joan Vicente Viqueira, Antonio Meijide Pardo, Felipe Criado Martín, etc. Até o ano 1941 en que se crea o Instituto Salvador de Madariaga, foi este o único Centro da Coruña onde se formaban os estudantes de Ensino Medio. No ano 1967, ante o crecemento da demanda de prazas, anexionaselle un novo edificio cara ao mar que se une co antigo a través dun estreito corredor.

Aínda que hoxe (desde 1986) é un Instituto mixto, nun determinado momento da súa historia foi só feminino. Actualmente o seu nome é Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe "Eusebio da Guarda".

### ALUMNADO

O Centro conta con 1100 alumnos/as, aproximadamente, entre diúrno (uns 800) e adultos (uns 300), distribuídos entre ESO (18 unidades, catro por nivel, máis un Programa de Mellora en 2º e 3º), Educación Secundaria de Adultos (4 unidades), Bacharelato e Bacharelato de Adultos (12 unidades en diúrno e 6 en adultos) e dous Ciclos de Ensino Profesional de Grao Superior (2 unidades de 1º e 2 unidades de 2º, de Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos e de Guía Información e Asistencia Turísticas respectivamente). Existen Agrupamentos Específicos en 1º da ESO: un de Lingua castelá e dous de Matemáticas.

O número de alumnado repetidor non é moi elevado no diúrno. En réxime de ensino de adultos este é maior. Moitos deles posúen materias pendentes, factor que repercute negativamente no

seu traballo e rendemento académicos. Destacar que o índice de abandono escolar é moi baixo. Case todos cursan como primeira lingua estranxeira o inglés, aínda que hai algúns de francés.

O Instituto está situado nunha zona céntrica. O alumnado do Instituto procede por regra xeral dunhas familias cun nivel sociocultural medio ou medio-alto e o ambiente familiar inflúe na excelente motivación coa que, en xeral, accede ao noso centro o alumnado; doutra banda, pero relacionado co anterior, este instituto ten unha rica tradición de premios (Extraordinarios de Bacharelato, nas Olimpíadas de Física, Química, Matemáticas, Filosofía etc.), factores ambos que nos impelen a trazar con esmero e esforzo uns elevados obxectivos de etapa, como se pode comprobar no Proxecto Educativo de Centro, sen perder nunca de vista a atención á diversidade.

A capacidade de traballo e o rendemento do noso alumnado entendemos que debe estar encamiñada a que logren un nivel educativo óptimo, poñendo en marcha para aqueles/as que non os alcancen, as diversificacións curriculares oportunas. O nivel de preparación e de esixencia debe ir en consonancia co da sociedade, para conseguir uns rendementos adecuados e facultar os futuros camiños académicos cunha base sólida tanto humana como académica.

## **PROFESORADO E COMUNIDADE EDUCATIVA**

O número de profesores/as do Centro é de 91, coas lóxicas variacións en cada comezo do curso. Aproximadamente os dous terzos do profesorado teñen destino definitivo no Centro. Parte do profesorado ten acreditado un nivel lingüístico avanzado, dado que o Centro está acreditado como Plurilingüe e nel se imparten seis materias diferentes en inglés para todo o alumnado do mesmo nivel.

Entre os distintos sectores da Comunidade Educativa existen unhas relacións moi fluídas. A parte dos órganos que corresponden, o alumnado por medio dos delegados e subdelegados ou calquera outra comisión para organizar actos, están en permanente contacto co equipo directivo e cos titores respectivos.

O profesorado, nas diferentes xuntanzas (Comisión Coordinación Pedagóxica, Claustro, reunións de Departamento, xuntas de avaliación, etc.) dinamizan o centro e participan continuamente na mellora do ensino.

A ANPA ten permanentemente informados ao alumnado e aos profesores - cando lles afecta-, ao equipo directivo e ao resto do persoal, da organización das súas actividades.

O diálogo co persoal non docente é continuo e por medio do seu representante no Consello Escolar preséntanse temas do seu ámbito para a súa valoración e discusión.

O Consello Escolar serve como base aglutinadora e informativa sobre calquera tipo de aspectos importantes que afecten á marcha do Centro e o Equipo Directivo facilita as relacións entre os diferentes membros para conseguir canalizar os problemas ou inxerencias existentes.

### **3.- NIVEL ACTUAL DE INTERNACIONALIZACIÓN:**

O Instituto Eusebio da Guarda posúe a carta ECHE (Carta Erasmus de Educación Superior) en vigor 2014-2020 e participou nunha Acción Clave KA1 no ano 2014 do tipo de Mobilidade de estudantes e persoal de Educación Superior. (Período de duración de 01/06/2014 a 30-09-2015, 16 meses).



Nos anos 2011, 2012, 2013 e 2014 leváronse a cabo Programas de Mobilidade Erasmus para prácticas en empresas de Gran Bretaña, Bélxica, Italia, Hungría e Suíza.

Con anterioridade nos anos 2003, 2004, 2005 e 2009 o constituído Departamento de Turismo e Programas Europeos **dirixido polo Prof. Felipe S. Gómez Taibo**, xestionou estadias profesionais para alumnos dentro do Programa Leonardo con destino en Hungría, Italia, Malta e Francia.

Durante os anos 2004, 2005 e 2006 o Centro foi socio de acollida da Athené Tourist Secondary School of Budapest tamén en programas Leonardo.

Desde o 2013 ata a actualidade o Eusebio participa no programa Acoreuropa, inscrito no programa Erasmus + da Unión Europea, que organiza e posibilita as prácticas de formación, de tres meses de duración, en empresas de Austria, Francia, Italia e Irlanda para o alumnado co título de Técnico Superior en FP específica

Recentemente, no actual curso escolar, o Instituto Plurilingüe Eusebio da Guarda foi nomeado Escola Embaixadora do Parlamento Europeo e como tal, ten a capacidade de informar ós alumnos, profesores, veciños, etc. sobre o Parlamento Europeo, as súas actividades lexislativas e os seus valores e, a través dos alumnos e alumnas “embaixadores”, difundir amplamente a información sobre a democracia europea.

O Profesorado do Centro, pertencente a diferentes Departamentos Didácticos, ten participado nunha ou múltiples actividades de dimensión internacional ao longo da súa carreira docente:

- En anteriores programas de formación do profesorado Sócrates e programas Comenius.
- En Proxectos de mobilidade Erasmus+ KA1 no ámbito de Educación Escolar e de Adultos.
- En Proxectos de Asociacións Bilaterais KA2.
- Estancias en Canadá do programa PIALE.

#### **4.- PLAN DE ACTUACIÓN.**

##### **DETECCIÓN DE NECESIDADES E OBXECTIVOS PROPOSTOS.**

Constituirase un equipo de traballo multidisciplinar de internacionalización co apoio do equipo directivo que tras un proceso de detección de necesidades realizado dende os Departamentos Didácticos e os organismos de coordinación do Centro, establecerá os obxectivos que determinarán a planificación das estratexias de internacionalización a desenvolver.

Os obxectivos de partida que poden ser ampliados conforme ás necesidades son:

- Mellorar a práctica docente creando contornos mais modernos, dinámicos, abertos a novas prácticas educativas, novas estratexias metodolóxicas en colaboración con outros centros educativos e institucións.
- Mellorar a oferta educativo do Centro.
- Mellorar a competencia profesional do persoal docente.
- Mellorar a calidade das actividades de ensino e aprendizaxe.
- Dar maior resposta á diversidade social, lingüística e cultural.
- Coñecer outros sistemas educativos e a realización de boas prácticas.

##### **PRIORIDADES NAS ACTIVIDADES A REALIZAR:**



Priorizaranse as actividades en calquera modalidade:

- Actividades que permitan que o alumnado adquira e desenvolva capacidades básicas e competencias clave.
- Actividades que axuden a abordar a diversidade e fomenten a igualdade, incluída a de xénero, a non discriminación e a inclusión social tendo en conta tamén as persoas con afeccións relacionadas coa saúde.
- Actividades que fomente pedagogías e metodoloxías innovadoras para o ensino, a aprendizaxe e a avaliación.
- Actividades que permitan actualizar e/ou desenvolver materiais e ferramentas de aprendizaxe dixital, en particular recursos educativos abertos, libros de texto abertos e software educativo gratuito e de código aberto, así como apoiar o uso eficaz das tecnoloxías dixitais e a pedagogía aberta en educación.
- Actividades que contribúan á concienciación acerca da importancia do patrimonio cultural europeo a través da educación, o aprendizaxe permanente, o aprendizaxe informal e non formal, incluídas aquelas que sirvan para o desenvolvemento das capacidades, a inclusión social, o pensamento crítico e a participación do alumnado.
- Actividades que reforcen os perfís docentes permitindo que os docentes desenvolvan métodos innovadores no ensino e na avaliación.
- Actividades que proporcionen un enfoque integral da ensinanza e aprendizaxe das linguas, fomentando as opcións de ensino bilingüe e que permitan incorporar novas tecnoloxías na aprendizaxe.
- Actividades que permitan facer fronte ao abandono escolar temperá e ás situacións de desvantaxe sobre todo do alumnado migrante.
- Actividades que no ámbito da formación profesional fomenten a aprendizaxe e a mobilidade laboral e faciliten as transicións entre os distintos niveis e tipos de educación y formación, entre a educación ou a formación e o mundo laboral, así como entre distintos traballos .
- Actividades que presenten oportunidades para o desenvolvemento profesional inicial e continuo de profesores de FP na aprendizaxe e no uso de pedagogías eficaces, dixitais, abertas e innovadoras.
- Actividades que permitan ampliar a oferta de oportunidades de aprendizaxe, adaptadas ás necesidades de estudantes adultos para mellorar as súas capacidades, inclusive mediante o uso efectivo de tecnoloxías dixitais e modos de aprendizaxe flexibles (como cursos abertos en liña) para que avancen cara a cualificacións superiores.

## **ACCÍONS DO PROGRAMA ERASMUS+ E eTWINING.**

Ás acción Erasmus+ que se corresponden cos intereses e características do noso Centro serían:

Dentro da Acción Clave 1 (KA1) Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe:

- Proxectos de mobilidade para estudantes e persoal de educación superior.
- Proxectos de mobilidade para estudantes e persoal de FP.



- Proxectos de mobilidade para persoal de centros escolares.
- Proxectos de mobilidade para persoal de educación de persoas adultas.

Dentro da Acción Clave 2 (KA2) Cooperación para la innovación y el intercambio de boas prácticas:

- Asociacións estratéxicas no ámbito da educación e da formación:
  - Asociacións estratéxicas de apoio á innovación.
  - Asociacións estratéxicas de apoio ao intercambio de boas prácticas.
  - Asociacións de intercambio escolar.
- eTwinning (financiado na Acción Clave 2): participación nesta comunidade de profesores (máis de 570 000 profesores de máis de 190 000 centros) de tódolos niveis, accesible para aqueles profesores autorizados polas autoridades nacionais. Desenvolvendo diversas actividades:
  - levando a cabo proxectos con outros centros e/ou aulas
  - iniciando conversacións con colegas e establecendo redes profesionais.
  - participando en diversas oportunidades de desenvolvemento profesional (en liña e presencial).
  - combinando os intercambios físicos coa cooperación virtual.

## SELECCIÓN DO PROFESORADO PARTICIPANTE

Se fose preciso facer una selección do profesorado participante nas actividades se determinará una comisión de selección que levará a cabo o proceso que será aberto e transparente. Neste proceso de selección terase en conta con respecto aos candidatos:

- A diversidade dos Departamentos implicados.
- A competencia comunicativa recoñecida noutros contextos idiomáticos.
- A experiencia en proxectos internacionais.
- A participación ou implicación noutros proxectos do Centro.
- A motivación e o compromiso (incluíndo a dispoñibilidade a viaxar).
- A adecuación aos obxectivos.
- A capacidade de traballo en equipo.
- A capacidade operativa de trasladar resultados e/ou o previsible impacto da mobilidade.
- A capacidade de xestión.

## 5.- IMPACTO NO CENTRO.

Para trasladar os resultados da actividade en proxectos europeos realizaranse tarefas que poden incluír:

- Incorporación do aprendizaxe á realidade da aula mediante actividades específicas na aula co alumnado.
- Elaboración de Unidades Didácticas cos resultados das mobilidades.
- Informes completos cos resultados.
- Creación de bancos de recursos.
- Obradoiros e sesións divulgativas cos compañeiros.
- Integración de aspectos renovadores no PEC.
- Creación de grupos de traballo estables e/ou interdisciplinarias.
- Difundir os produtos e materiais elaborados.

## 6.- PLAN DE DIFUSIÓN

A difusión do traballo desenvolvido e da experiencia realizada deberá reforzar o impacto. Para levar a cabo esta diseminación poderán realizarse as prácticas seguintes:

- Utilizar o apartado Erasmus+ da web institucional do Centro
- Crear un blog do proxecto.
- Crear ou utilizar o “recuncho Europeo” no Centro.
- Crear unha figura de xestor de comunicación.
- Utilizar a presenza do Centro nas redes sociais: Facebook, Twitter e Instagram.
- Publicar os resultados en plataformas europeas.
- Elaborar material escrito de difusión e/ou publicacións.
- Levar a cabo reunións e sesións informativas para o Claustro, a AMPA, no Consello Escolar,...

